

Postos de traballo para todas

O Parlamento Galego está a debater os orzamentos de 1999 presentados pola Xunta de Galiza, que manteñen unha política continuista en materia de subvencións ás empresas e emprego. Unha política económica e laboral regresiva que está desmantelando sectores productivos básicos (naval, gandeiría, pesca, etc), permitindo a existencia de miles de postos de traballo na economía mergullada, ou realizando horas de máis sen nengún tipo de compensación económica e cotizacións sociais.

Mais alá das auto-gabanzas que realiza o Partido Popular, o desemprego mantense no 18% da poboación activa, hai un 33% de traballo eventual, e un 11% dos ocupados non teñen contrato. Uns datos que salientan a gravidade da situación laboral, que se completa cunha redución da porcentaxe de desempregados que teñen cobertura económica, e unhas prestacións sociais cada vez máis limitadas (ensino público máis caro e peor dotado, medicamentazo, modificación do sistema de pensións). A todo isto, aínda podemos engadir as privatizacións de empresas estratéxicas e básicas para o tecido industrial de Galiza, que na maioría dos casos van vencelladas a procesos de desmantelamento ou perda de emprego (Bazán, Astano, Santa Bárbara, Endesa, Telefónica, etc).

Esta política económica que só favorece aos máis ricos (modificación do IRPF) e aumenta a desregulación e flexibilidade laboral (Reforma laboral, Acordo sobre Emprego a Tempo Parcial), dáse ao abeiro da actitude dalgúns sindicatos dispostos a pactar calquer acordo, aínda os máis negativos, baixo a única preocupación de manter a 'paz social' e o entendemento coa patronal e o goberno de turno.

Desde a CIG entendemos que compre realizar unha política económica que afortale os sectores productivos, millore os servizos sociais básicos, e realice unha distribución do traballo e da riqueza. Desde estes alicerces propomos que o Parlamento Galego e a Xunta de Galiza poñan en práctica medidas no Orzamento de 1999 que pulen por:

A) Defender os sectores productivos, as empresas estratéxicas, favorecer unha economía máis diversificada, autocentrada e tecnoloxicamente avanzada. Pular por un sector público que sirva de locomotora do desenvolvemento económico, e uns servizos públicos que permitan dar unha cobertura axeitada a toda a sociedade.

B) Reducir a xornada laboral a 35 horas, eliminar todas as horas extras que non sexan necesarias por razóns de tipo estrutural, suprimir as ETTs, perseguir de oficio a todas aquelas empresas que teñan traballadores sen dar de alta na Seguridade Social ou realizando máis horas que as fixadas en contrato; etc.

C) Conceder a todos os parados, sen cobertura económica, un Saláριο Social ou Renda Básica, igual ao salario mínimo interprofesional, a cámbeco de traballo social e cursos de formación. Non se trata de dar unha esmola, senón de distribuir o traballo e a riqueza, a cámbeco dun servizo a toda a sociedade.

D) Por un traballo digno onde se cumpran as normas de seguridade e saúde laboral.

EN DEFENSA DOS SECTORES PRODUCTIVOS !!!

NON Á PRECARIIDADE LABORAL, NON ÁS ETTs !!!

SALÁRIO SOCIAL PARA OS PARADOS!!!

POLA XORNADA DE 35 HORAS

**Manifestación en Santiago de Compostela,
sábado 28 de novembro, ás 11,30 horas na alameda**

